

# Sólida aparataxe

Álvaro Cunqueiro no seu labirinto

ARMANDO REQUEIXO

En 1947 Álvaro Cunqueiro regresa a Mondoñedo despois dunha década de viaxes por diversos lugares do estado español e dun intenso labor como xornalista e escritor en lingua castelá. De volta á súa cidade de nacemento, atópase nunha encrucillada vital e autorial que vai resolverse positivamente en favor dun seu novo desembarco na literatura de noso. Nese volver do fillo pródigo tiveron moito que ver Francisco Fernández del Riego e, de diferente xeito, tamén Ramón Piñeiro. De todo isto, das razóns que animaron a a escrita galega de posguerra de Cunqueiro e da significación creativa e ideolóxica que esa produción encerraba ocúpase *A mecánica da maxia. Ficción e ideoloxía en Álvaro Cunqueiro*, a lúcida monografía asinada por Manuel Forcadela para a Colección "Ensaio" da Editorial Galaxia.

A partir dun modelo analítico ecléctico e superando, por tanto, limitacións teóricas que pexaron anteriores aproximacións á obra

do mindoniense, Forcadela mergúllase nese difícil e por veces case inextricable labirinto do mundo literario galego de fins dos anos corenta e da década dos cincuenta para tratar de explicar que levou a Cunqueiro a idear unha narrativa como a

que deu a coñecer neste tempo, na procura do por que dun imaxinario que revisitou e deu nova forma a mitos da tradición (velaí a súa reperspectivización dos lugares comúns da Materia de Bretaña ou da escrita orientalista do Sinbad, poño por caso) e tamén na busca do sentido da narrativa cunqueiriana como principal expoñente dun realismo máxico que se acabará convertendo en natural alternativa á Nova Narrativa que neses anos comeza a se fraguar.

Doutra parte, cabe lembrar que as teses de lectura que aquí propón Forcadela son o resultado dun dilatado profundar na realidade escritural cunqueiriana que deu xa os seus primeiros

froitos en artigos como "Da falacia autorial ás «verdades» sociolóxicas" (*Grial*, 168, 2005) e que constitúiu a cerna do seu ensaio *Diálogos na néboa: Álvaro Cunqueiro e Ramón Piñeiro na xénesis da literatura galega de posguerra* (2007), co que gañara o Premio Ramón Piñeiro de Ensaio, en moitos sentidos base textual do presente libro.

*A mecánica da maxia. Ficción e ideoloxía en Álvaro Cunqueiro* resultará para algúns unha aposta talvez opinable nas formulacións e esexeses que traxe, mais o que é indiscutible é que a análise de Forcadela se ve sostida por unha sólida aparataxe crítica e unha lectura coherente das vías de exploración abertas. Daquela, non cabe senón congratularse polo rigor e fondura coa que o estudoso de Tomiño acomete o seu quefacer, independentemente de se se compartan ou non os marcos interpretativos e os seus resultados, pois as letras galegas seguen aínda moi necesitadas de monografías como a presente, documentado e elaborado ensaio sobre unha figura capital e incuestionable da nosa historia literaria. *FORCADELA, Manuel, A mecánica da maxia, Ed. Galaxia, Vigo, 2009, PVP 20€*

